



Concello de Lourenzá

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NO VII CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO CONCELLO DE LOURENZÁ - 2025 E A CONCESIÓN DOS PREMIOS CORRESPONDENTES

O concello de Lourenzá , consonte ao previsto na Lei 38/2003 , de 17 de novembro , Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 , de 13 de xuño de subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006 de 21 de xullo e Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, consciente do interese que o teatro desperta entre os laurentin@ e ao obxecto de incentivar a participación dos grupos de teatro no VII certame de teatro afeccionado “ Concello de Lourenzá “ 2025 ,establece as bases reguladoras para a participación no mencionado certame e os premios que se outorgarán :

1.- Definición do Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases as normas de participación para os grupos que se presenten ao VII certame de Teatro Afeccionado Concello de Lourenzá 2025 e os premios que se outorgarán no mencionado certame.

2.- Requisitos dos participantes e documentación a presentar

Poderán participar unicamente compañías ou grupos de teatro afeccionado e que superen un proceso previo de selección, admitíndose calquera tipo de xénero e empregando preferentemente a lingua galega en calquera das súas variantes dialectais.

Os grupos interesados en participar deberán inscribirse ben nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá ou ben por correo (Concello de Lourenzá - VII Certame de Teatro Afeccionado .- Praza Conde Santo , s/n 27760 Lourenzá), enviando a seguinte documentación:

- Ficha de inscrición, que aparece na páxina web do concello de Lourenzá.
- Fotocopia do CIF do grupo ou compañía.
- Ficha artística e técnica.
- DVD , pendrive ou tarxeta coa gravación dunha representación da obra presentada a concurso .

3- O prazo de presentación

A ficha de inscrición e a documentación citada no punto 2 , presentaranse unha vez sexa publicado no B.O.P. de Lugo o extracto das citadas bases (cuio texto completo figura na BDNS) e con data límite o 30 de setembro de 2025.

4.- As representacións terán lugar no edificio multiusos “Ponte de Cuñas” os sábados e domingos do mes de novembro, establecéndose un máximo de oito (a organización, en función da calidade das obras, poderá modificar o número de representacións). O horario será establecido pola organización.

5.- No mes de decembro terá lugar a entrega de premios nunha gala na que haberá unha representación teatral ou musical profesional. Para cada premio o xurado seleccionará tres nominados. Será na gala cando se coñeza o gañador de cada categoría. A nominación será comunicada pola organización aos interesados. Á gala final deberán asistir todos os nominados/as ou os





Concello de Lourenzá

representantes nos que deleguen.

6.- O Concello nomeará un xurado independente que presidirá o edil de Cultura ou a persoa na que delegue. O fallo do xurado será inapelable.

7.- Cada grupo ou compañía de teatro seleccionado recibirá a cantidade de 350 euros en concepto de participación, desprazamento, montaxe, etc. (Para percibir a citada cantidade, a compañía ou grupo deberá presentar factura).

8.- Establécense os seguintes premios:

- Premio “Conde Santo” á mellor representación: 750 € e trofeo
- Premio “Lourenzo” ao mello actor: trofeo.
- Premio “Ana” á mellor actriz: trofeo.
- Premio ao mellor actor de reparto: trofeo.
- Premio á mellor actriz de reparto: trofeo.
- Premio á mellor posta en escena: trofeo.
- Premio especial do público: trofeo.

O xurado, de acordo coa organización, poderá establecer algún premio máis se o considerara oportuno.

9.- Procedemento de entrega de premios

Unha vez rematen as representacións o xurado calificador do Certame levantará a acta na que consten os premiados.

Os premios consistentes en trofeos serán entregados o día da gala aos gañadores.

Para percibir o premio “ Conde Santo “ á mellor representación o grupo gañador deberá presentar no concello de Lourenzá a seguinte documentación:

Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda Autonómica , Seguridade Social ; así como co Concello de Lourenzá e a Deputación Provincial de Lugo
Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro , segundo o modelo normalizado.

Certificación bancaria onde se ingresará o premio.

10.- Os medios técnicos necesarios para a representación correrán a cargo dos participantes.

11.- A xestión e pago á SGAE polos dereitos de autor (se os houbera) correrán a cargo do grupo ou compañía participante no certame.

12.- O Concello poderá cobrar unha entrada simbólica en cada representación, que en todo caso aprobará a Xunta de Goberno Local.

13.- Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta de maneira inapelable pola Organización.

14.- As presentes bases estarán publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Lourenzá

(<https://concellodelourenza.sedelectronica.gal>)





Concello de Lourenzá

15.- Protección de datos de carácter persoal

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas. A organización do Certame resérvase o dereito de calquera modificación que por forza maior se vira obrigada a efectuar.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento de datos persoais será estrictamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

16.- Información aos beneficiarios dos premios

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2023, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Lourenzá é o órgano obrigado a facilitar información da concesión dos premios á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Igualmente con carácter xeral os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130 /2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, non será obrigatorio subministrar por parte do concello información das resolucións de concesións dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

VII CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO "CONCELLO DE LOURENZÁ" - 2025

FICHA DE INSCRICIÓN

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova, s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

DATOS DA COMPAÑÍA OU GRUPO DE TEATRO:

Nome:

Poboación:

CIF:

DATOS DE CONTACTO:

Nome e apelidos:

Dirección:

Poboación:

CP:

Teléfono:

Correo electrónico:

DATOS DA MONTAXE:

Título:

Autor:

Duración:

Reperto:

De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 201/679 , do 27 de abril (GDPR) , e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (LOPDGDD), doume por informado/a de que os meus datos persoais serán tratados baixo a responsabilidade do Concello de Lourenzá para participar no VII Certame de Teatro Afeccionado 2025 por ser necesario para o mantemento da relación que implica, e para publicar os meus datos (nome completo e imaxe) no caso de ser o/a gañador (a) , nos medios de comunicación mediante a obtención do meu consentimento. Conservaranse os datos durante non máis tempo do necesario para manter os fins do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia. Non se comunicarán os datos a

Cod. Validación: 565DT93Y4HQ29PJXG7N5SGHCP
Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5





Concello de Lourenzá

terceiros sen o seu consentimento.

Doume por informado de que teño dereito a revogar os consentimentos en calquera momento e a exercer os dereitos de acceso , rectificación, portabilidade e supresión dos meus datos e os de limitación e oposición ao tratamento dirixíndome a: Pza Conde Santo s/ n - 27760 Lourenzá (Lugo) .

Correo electrónico: concello.lourenza@eidolocal.es. Tamén estou informado de que podo reclamar perante a autoridade de control en WWW.aepd.es

Datos de contacto do DPD:LEXISLEYS.L.P. , C/ Dinán , n.º 11 -13 Entlo- 27001 LUGO
privacidad@lexisley.es

SI	NON	Autorización paa tratar datos persoais
		Acepto en caso de resultar gañador se publiquen nos medios de comunicación nome , apelidos e imaxe

Sinatura

